

O MERCADO DE TRABALLO EN GALIZA (ANO 2013)



Gabinete técnico confederal

MERCADO DE TRABAJO EN GALIZA

Malia que, no resto do Estado español, a maioría dos indicadores xa amosaron un comportamento negativo durante o ano 2007, no caso de Galiza non foi até 2008 cando estes comezaron a mostrar signos preocupantes, a comezar polo paro: 16.000 persoas, de media, quedaron sen emprego nese ano. O resto dos indicadores aínda non reflectían a situación que se aveciñaba. A poboación activa continuaba a medrar e a ocupación tamén, pero xa non coa intensidade suficiente para absorber o medre de persoas activas, e de aí o incremento do paro.

Ese foi o último ano. A partir de aí, a perda de ocupación foi unha constante e en 2013 xa se estimaron menos de 1.000.000 millón de persoas ocupadas en Galiza, concretamente 997.600, 202.400 menos que no ano 2008, das cales 41.800 foron no último ano.

Poboación de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica. Datos en miles.

	Total						
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
	Total	Total	Total	Total	Total	Total	Total
Total	2.380,9	2.387,6	2.386,2	2.383,3	2.377,0	2.365,2	2.346,2
Activos/as	1.292,0	1.314,8	1.317,4	1.300,9	1.311,2	1.310,2	1.280,2
Poboación ocupada	1.193,4	1.200,1	1.151,4	1.100,7	1.083,0	1.039,4	997,6
Poboación parada	98,7	114,7	165,9	200,3	228,3	270,7	282,6
Inactivos	1.088,9	1.072,8	1.068,9	1.082,4	1.065,8	1.055,0	1.065,9

Fonte: EPA. INE.

Descenso da poboación activa, caída do número de ocupados/as e forte medre dos parados/as son, a xeito de resumo, as principais características do mercado de traballo en Galiza no último ano. Son 30.000 persoas activas menos, son 41.800 ocupados/as menos e 11.900 parados/as máis, e en apenas un ano.

Mais a situación é máis grave xa que “chove sobre mollado”; así, desde o ano 2008 son 202.000 ocupados/as menos, un 20% dos cales se perderon no último ano, isto é, máis de 180.000 as persoas que quedaron sen emprego neste período. A seguir, imos analizar máis polo miúdo as distintas variábeis.

30.000 activos/as menos de entre 20 e 34 anos en apenas un ano.

Se cadra, a redución de activos/as nas idades en que se está producindo en Galiza é un dos datos máis demoledores de todos os que reflicte a Enquisa de poboación activa (EPA), xa que evidencia claramente a consecuencia máis grave da crise: a emigración. A emigración da xente nova, a emigración da xente mellor formada. Sen dúbida, isto é o máis grave que lle pode suceder a un país, que a súa mocidade marche, que a xente formada marche. Sen xente nova e sen formación, non hai futuro.

Activos segundo grupos quinquenais de idade. Datos en miles

	2010	2011	2012	2013	Variación en miles 2013/2012
Total	1.300,90	1.311,20	1.310,20	1.280,20	-30,00
de 16 a 19 anos	16,8	14,7	11,8	7,9	-3,90
de 20 a 24 anos	78,1	72,4	70,9	65,1	-5,80
de 25 a 29 anos	155,3	149,4	142,8	130,6	-12,20
de 30 a 34 anos	199,7	199,3	194,3	182,5	-11,80
de 35 a 39 anos	192,8	198,8	201,3	203,4	2,10
de 40 a 44 anos	177,4	180,5	183	186,1	3,10
de 45 a 49 anos	162,5	165,6	166,8	167,6	0,80
de 50 a 54 anos	141,5	147,4	147,4	149,1	1,70
de 55 a 59 anos	103,4	107,9	114,1	112,3	-1,80
de 60 a 64 anos	61,9	64,7	65,8	65,3	-0,50
de 65 e máis anos	11,6	10,5	11,8	10,5	-1,30

Fonte: INE. EPA.

En Galiza é entre a poboación máis nova onde descenden as persoas activas. A partir dos 34 e até máis aló dos 55 anos prodúcese un leve incremento, e entre as persoas de maior idade tamén se dá un descenso, pero neste caso de moita menor contía. E isto último pode ser explicábel polas prexubilacións, as xubilacións, etc. Porén, nas idades máis novas é abandono do mercado de traballo.

Foron 30.000 no último ano, pero desde que se iniciou a crise son miles os galegos e galegas que optaron por abandonar Galiza ante a falla dun posto de traballo. De feito, segundo o último Padrón de habitantes, desde o ano 2010 (nos primeiros anos da crise non baixou a poboación segundo o Padrón municipal) e até finais de 2012, son máis de 80.000 persoas mozas que xa non residen en Galiza.

Desde o ano 2010, e até xaneiro de 2013, en conxunto descendeu a poboación en Galiza en menos de 32.000 persoas, pero analizando segundo grupos de idade, as diferenzas son moi elevadas, e agochan unha realidade moi preocupante.

Poboación segundo grupo quinquenal de idade

	2010	2011	2012	2013	
Total	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	-31.713
0-4	110.983	111.702	111.715	110.497	-486
5-9	107.105	108.525	110.178	112.024	4.919
10-14	103.275	103.892	104.718	105.116	1.841
15-19	119.556	115.896	111.623	107.366	-12.190
20-24	143.714	137.977	132.739	127.787	-15.927
25-29	187.651	176.999	165.659	156.055	-31.596
30-34	229.289	224.592	216.305	205.954	-23.335
35-39	221.653	225.157	227.834	228.494	6.841
40-44	214.004	215.850	216.555	217.331	3.327

45-49	203.279	203.467	204.322	206.630	3.351
50-54	191.099	195.969	197.671	198.286	7.187
55-59	172.673	174.265	177.776	179.775	7.102
60-64	173.664	171.654	168.524	170.362	-3.302
65-69	152.594	156.697	161.799	164.142	11.548
70-74	135.558	132.353	126.187	125.859	-9.699
75-79	141.639	143.304	144.951	139.704	-1.935
80-84	99.563	103.524	106.256	110.646	11.083
85 e máis	90.354	93.599	96.686	99.912	9.558

Fonte. INE. Padrón municipal de habitantes.

Onde se dan os maiores incrementos de poboación é entre a de máis idade. A partir dos 65 anos, pola contra, entre os de 15 e 34 anos as caídas de poboación son espectaculares; concretamente 83.048 persoas de entre 15 e 34 anos deixaron de residir en Galiza.

A esta cantidade deberíamos de sumarlle a do ano 2013, que non se reflicte nos datos do Padrón, polo que tomando como referencia a perda de poboación activa deste último novo ano, 30.000, estaremos en torno ás 100.000 mozas e mozos menos desde o ano 2010.

Esta nova emigración agrava un dos problema máis graves que xa viña padecendo Galiza, o do avellentamento da poboación. Cada día a porcentaxe de poboación de máis idade medra con respecto do total; pero ademais agrava o futuro, xa que con menos xente nova as taxas de natalidade a curto e medio prazo van descender. As consecuencias desta evolución demográfica poden ser demoledoras para o noso país.

Apenas unha pequena porcentaxe do descenso da poboación activa se explica polos/as inmigrantes que retornan ao seu país ou emigran a outro desde aquí. A maioría é poboación autóctona.

Activos/as segundo nacionalidade. Datos en miles

	2010	2011	2012	2013	Variación 2013/2012
Total	1.300,90	1.311,20	1.310,20	1.280,20	-30,00
Española e dobre nacionalidade	1.229,50	1.238,70	1.235,90	1.209,70	-26,20
Estranxeira: Total	71,5	72,5	74,3	70,5	-3,80
Estranxeira: Unión Europea	18,4	16,2	21	23,6	2,60
Estranxeira: América Latina	40,4	40,2	35,6	30,9	-4,70
Resto do mundo	12,8	16,1	17,7	16	-1,70

Fonte: INE. EPA.

Dos 30.000 activos/as que abandonaron o mercado de traballo galego no ano 2013, 26.200 tiñan nacionalidade cando menos española (é así como se reflicte nas estatísticas).

Entre as persoas estranxeiras, dependendo de onde sexan tiveron un comportamento distinto. Entre os da Unión europea incluso aumentaron lixeiramente; pola contra, entre os de América latina, reducíronse en 4.700, un 13,2%.

41.800 persoas ocupadas menos durante 2013.

Como se apuntou ao principio deste documento, desde o ano 2008 destruíronse en Galiza máis de 202.000 postos de traballo, dos que 41.800 fórono neste último ano.

Ocupados/as segundo sexo. Datos en miles.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	1.200,1	1.151,4	1.100,7	1.083,0	1.039,4	997,6
Homes	672,7	628,7	600,8	583,4	550,7	527,3
Mulleres	527,4	522,7	499,9	499,5	488,7	470,4

Fonte: INE. EPA.

Durante 2013, a perda de postos de traballo afectou tanto a homes como a mulleres, aínda que en maior medida foron os homes os que quedaron sen emprego, manténdose así a tendencia destes anos.

Desde o ano 2008, dos 202.000 postos de traballo que se perderon, 145.000 afectaron a homes. Isto moito ten a ver cos sectores de actividade máis prexudicados pola crise.

No 2013, a destrución de emprego afectou a todos os sectores.

En todos os sectores descendeu o nivel de ocupación durante 2013; de media desapareceron 115 postos de traballo diariamente.

Ocupados/as segundo sector económico. Datos en miles.

	Total						Variación absoluta	
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2013/2012	2013/2008
Total	1.200,10	1.151,40	1.100,70	1.083,00	1.039,40	997,6	-41,80	-202,50
Agricultura e pesca	93,8	91,6	86,6	83,2	79,8	73,3	-6,50	-20,50
Industria	215,9	194,1	171,6	175,5	163,8	152	-11,80	-63,90
Construción	134,1	115,7	105,2	91,3	79	69,1	-9,90	-65,00
Servizos	756,4	750,1	737,2	733	716,9	703,3	-13,60	-53,10

Fonte: INE. EPA.

Non hai ningún sector “seguro”. Durante 2013 descendeu a ocupación en todos eles; e destacan, en termos absolutos, os 13.600 postos de traballo menos nas distintas actividades que compoñen o sector servizos, pero o resto van por aí.

Non debemos perder de vista o sector industrial galego, tan afectado como o da construción no noso país. De feito, desde o ano 2008 practicamente se destruíron os mesmos postos de traballo en cada un deles, pero no último ano incluso supera o da construción en perdas de postos de traballo; e van 64.000 desde que se iniciou a crise.

O 23% do emprego destruído foi entre sanidade e educación.

En só 3 ramas de actividade se creou emprego durante o ano 2013: industria téxtil, hostalaría e información e comunicación. En todos as demais descendeu a ocupación con respecto ao ano anterior. Pero chama especialmente a atención a caída nos servizos sociais básicos: sanidade e educación.

Ocupados/as segundo rama de actividade. Datos en miles.

	2012	2013	Variación absoluta
Total	1.039,40	997,6	-41,80
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	59,2	55,2	-4,00
Pesca e acuicultura	20,6	18,1	-2,50
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	38,4	34,5	-3,90
Industria téxtil, do coiro e do calzado	12,4	13,3	0,90
Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles;	10	7,7	-2,30
Industria do papel, artes gráficas	4	4	0,00
Industrias extractivas,	48,1	45,4	-2,70
Fabricación de maquinaria, material eléctrico..	50,9	47,1	-3,80
Construción	79	69,1	-9,90
Venta e reparación de vehículos de motor	22,1	22	-0,10
Comercio por xunto e ao retallo	156	147,6	-8,40
Transporte e almacenamento	44,3	44,1	-0,20
Hostalaría	66,4	72,7	6,30
Información, comunicacións, act.artísticas, recreativas	34,3	40,5	6,20
Actividades financeiras e de seguros	20,2	21,6	1,40
Actividades inmobiliarias, administrativas e s. auxiliares	42	41,5	-0,50
Actividades profesionais, científicas e técnicas	41,8	38,2	-3,60
Administración pública e defensa; seguridade social	72,9	69,9	-3,00
Educación	71,7	66,2	-5,50

Actividades sanitarias e de servizos sociais	79,3	75,2	-4,10
Outros servizos	65,9	63,8	-2,10

Fonte: INE. EPA.

Todas as ramas de actividade relacionadas co sector público perderon efectivos no último ano. Así se explica que durante 2013 se reduciŕsen o número de asalariados/as no sector público en Galiza en 14.500, un 7,7%; destacan educación e sanidade polo volume máis elevado, pero en toda a administración descendeu a ocupación.

Aínda que algunhas actividades do sector servizos recuperaron emprego, non se compensou a forte destrución no sector público, co engadido do comercio que tivo, así mesmo, un comportamento moi negativo no último ano.

As actividades máis castigadas no sector industrial foron as de alimentación e fabricación de maquinaria e material eléctrico.

14.500 asalariados/as menos no sector público.

A destrución de emprego afecta a todas as categorías agás aos traballadores/as independentes, ou “novos emprendedores”, único colectivo que ve incrementada a contía no último ano.

Ocupados/as segundo categoría profesional.

	2012	2013	Variación absoluta
Total	1.039,40	997,6	-41,80
Empresario/a con asalariados/as	69,4	64,2	-5,20
Traballador/a independente ou empresario/a sen asalariados/as	154,3	154,8	0,50
Asalariado/a do sector público	188,4	173,9	-14,50
Asalariado/a do sector privado	615	595	-20,00
Axuda na empresa ou negocio familiar	10	7,7	-2,30
Outros	2,3	2,1	-0,20

Fonte: INE. EPA.

Son máis os traballadores asalariados/as do sector privado que perden o emprego, pero proporcionalmente chama a atención a desfeita do sector público, xa que son preto dun 8% de persoal ao servizo do sector público menos.

E non se poden esquecer os 5.200 empresarios/a que tendo asalariados/as ao seu cargo desapareceron ao longo do ano 2013.

Todo o emprego perdido en 2013 foi en ocupados/as a xornada completa.

E o que é aínda máis grave; o descenso de ocupados/as a xornada completa é maior que o descenso total da ocupación.

Ocupados/as segundo tipo de xornada. Datos en miles.

	Total		Variación absoluta.
	2012	2013	
Total	1.039,40	997,6	-41,80
Completa	903,5	852,3	-51,20
Parcial	136	145,3	9,30

Fonte: INE. EPA.

En termos netos cae fortemente o número de traballadores/as con xornada completa (máis de 51.000), mentres que os de xornada parcial medran en preto de 10.000 traballadores/as, o que demostra que estamos asistindo a un cambio nas condicións de traballo paralelo ao de destrución de emprego. Cada vez un número máis elevado de traballadores e traballadoras non acceden a un posto de traballo a xornada completa coas implicacións en salario, cotizacións, etc., que isto leva consigo.

En 2013 o 14,5% dos ocupados/as en Galiza traballaron a tempo parcial, fronte aos 13% do ano anterior.

Aínda que os traballos a xornada parcial son ocupados maioritariamente por mulleres (no ano 2013, o 75%), cada vez máis homes se vén obrigados a aceptar este tipo de xornada.

Obrigados a aceptar este tipo de xornada, porque -tal e como se amosa na seguinte táboa- ese é o motivo da maioría dos que dispoñen da xornada parcial.

Ocupados/as a tempo parcial por motivo da xornada parcial. Datos en miles.

	2012	2013	Variación Absoluta.
Total	136	145,3	9,30
Seguir cursos de ensinanza ou formación	6,9	5,4	-1,50
Enfermidade ou incapacidade propia	1,8	1,5	-0,30
Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	12	13,5	1,50
Outras obrigacións familiares ou persoais	8,4	6,9	-1,50
Non poder atopar un traballo de xornada completa	83	93,2	10,20
Non querer un traballo de xornada completa	10,4	11	0,60
Outras razóns	13,2	13,4	0,20
Non sabe o motivo	0,2	0,5	0,30

Fonte: INE. EPA.

Máis do 64% dos traballadores/as ocupados a tempo parcial é por que non poden atopar un traballo de xornada completa, e é dentro deste colectivo onde medrou este tipo de ocupación no último ano.

Forte redución, durante 2013, das persoas asalariadas con contrato indefinido.

Asalariados/as segundo tipo de contrato.

	2008	2012	2013	Variación 2013/2012	
				Absoluta	Relativa.
Total	922,9	803,4	768,8	-34,6	-4,3
Contrato indefinido	640,1	617,4	592,8	-24,6	-4,0
Contrato temporal	282,8	186	176	-10	-5,4
Taxa de temporalidade	30,6	23,2	22,9		

Fonte: INE. EPA.

Aínda que desde o ano 2008 se reduciu moito máis o número de persoas asalariadas con contrato temporal que indefinido (106.800 fronte a 47.300), no último ano, a redución foi sobre todo entre os asalariados/as con contrato indefinido: o 71% destes.

Só medra a ocupación entre os traballadores/as con educación superior.

Aínda que estamos falando dun número moi reducido de postos de traballo, apenas 700 empregos máis, foi entre os traballadores/as con educación superior no único onde medrou a ocupación.

Ocupados/as segundo nivel de formación. Datos en miles.

	2012	2013	Variación absoluta.
Total	1.039,40	997,6	-41,80
Analfabetos	1	0,5	-0,50
Estudios primarios	83,4	65,4	-18,00
Educación secundaria. Primeira etapa	336,7	336,3	-0,40
Educación secundaria. Segunda etapa	230,6	207	-23,60
Educación superior	387,8	388,5	0,70

Fonte: INE. EPA.

Os máis prexudicados, durante 2013, foron os de educación secundaria, xa que entre eles se destruíu o emprego en 23.600 persoas.

Segundo estes datos o grupo con maior nivel de ocupación corresponde aos traballadores/as con educación superior.

Durante 2013, foi a provincia da Coruña a máis castigada pola crise.

Ocupados/as por provincias. Datos en miles.

	2008	2012	2013	Variación absoluta	
				2013/2012	2013/2008
Galiza	1.200,10	1.039,40	997,6	-41,80	-202,50
A Coruña	502,1	461,3	438,6	-22,70	-63,50
Lugo	144,5	128,9	123,1	-5,80	-21,40
Ourense	135,4	106,4	100,5	-5,90	-34,90
Pontevedra	418	342,8	335,4	-7,40	-82,60

Fonte: INE. EPA.

Máis do 50% dos empregos destruídos durante o ano 2013 foron na provincia da Coruña, concretamente 22.700. No resto das provincias en todas se perderon postos de traballo, pero en cantidades moi inferiores.

Desde o ano 2008, foi en Pontevedra onde a crise afectou máis. En conxunto, perdéronse 82.600 postos de traballo na dita provincia, o 40% do total dos destruídos en Galiza. Porén, nos últimos anos A Coruña estase vendo moi prexudicada.

O paro alcanza ao 22,1% da poboación activa.

Taxa de paro segundo grupo de idade.

	2010	2011	2012	2013
Total	15,4	17,4	20,7	22,1
de 16 a 19 anos	48,5	48,3	56,1	66,0
de 20 a 24 anos	32,6	35,4	43,7	48,3
de 25 a 29 anos	21,9	25,6	29,3	30,8
de 30 a 34 anos	16,5	20,4	24,0	24,1
de 35 a 39 anos	15,1	15,8	18,6	20,3
de 40 a 44 anos	12,2	14,8	17,1	18,5
de 45 a 49 anos	11,0	13,6	16,1	17,8
de 50 a 54 anos	10,6	11,3	16,4	18,8
de 55 a 59 anos	10,0	12,0	13,6	16,4
de 60 a 64 anos	9,0	9,6	12,9	15,0

Fonte: INE. EPA.

De media, un 22,1% de galegos/as non tiveron un emprego durante o último ano 2013, fronte ao 20,7% ao que lles ocorrera o mesmo no ano anterior.

As diferenzas por idades, no que a taxa de paro atinxe, son moi acusadas, sendo a xente nova a que ten máis dificultades de atopar un emprego. Así, o 66% dos mozos e mozas con menos de 19 anos estiveron no paro ao longo do ano 2013. A medida que aumenta a idade dos traballadores/as descende a taxa de paro, até os maiores de 60 anos, que contan coa taxa máis baixa, e aínda así do 15%.

Desde o ano 2008 -onde a taxa media de paro en Galiza se situaba no 8,7%- até finais de 2013, aumentou o desemprego en 13,4 puntos, isto é, máis do dobre. En termos absolutos son 167.900 persoas desempregadas máis que no ano 2008.

O 35% das persoas en paro leva máis de dous anos sen emprego.

Parados/as segundo tempo a procura de emprego. Datos en miles.

	2008	2012	2013	Variación 2013/2012
Total	114,7	270,7	282,6	11,9
Menos de 6 meses	55,2	74,6	66,1	-8,5
De 6 meses a < 1 ano	13,4	48,2	42,7	-5,5
De 1 ano a menos de 2 anos	14,2	59,8	62,4	2,6
2 anos ou máis	16,4	75,9	99,6	23,7
Xa atopou traballo	15,5	12,1	11,8	-0,3

Fonte: INE. EPA.

Non só temos cada ano un maior número de parados/as, senón que cada vez as persoas permanecen máis tempo nesta situación. E así, o paro xa é crónico para un número cada vez maior de desempregados/as: 99.600 levan máis de dous anos nesta situación de media durante o ano 2013, 23.700 máis que no ano 2012.

Tamén entre as que levan máis dun ano nesta situación aumentaron en 2.600; as de menor permanencia descendieron, posibelmente porque cambiaron de grupo, non por atopar traballo.


De feito, a taxa de paro de longa duración medra exponencialmente.

Taxa de paro de longa duración.

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	1,9	3,3	5,5	7,1	9,3	11,1

Fonte: INE. EPA.

Gráfico.



Forte descenso da taxa de cobertura das persoas desempregadas.

En concordancia co anterior, é dicir, ao incrementarse o número de parados/as de longa duración, cada vez un número menor de desempregados/as dispoñen de prestacións, xa que ao levaren moito tempo en situación de desprego esgótanse as devanditas prestacións.

Hai que ter en conta que a taxa de cobertura se calcula tendo en conta as persoas desempregadas inscritas nas oficinas do servizo público de emprego, e de aí que non coincidan cos parados/as EPA, que son estimativos.

Taxa de cobertura de desempregados/as.

	Parados medios	Beneficiarios de prestacións	Taxa de cobertura
2007	150.546	79.400	52,7
2008	162.512	94.300	58,0
2009	206.245	130.300	63,2
2010	226.237	149.600	66,1
2011	241.323	146.900	60,9
2012	270.515	158.600	58,6
2013	276.007	155.500	56,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE:

A partir do ano 2008, cando comeza a medrar desafortadamente o desemprego, a taxa de cobertura medra, xa que estes desempregados/as teñen dereito á prestación, mais a medida que transcorre o tempo, e non atoparen traballo para seguir cotizando, as prestacións vanse esgotando. E así, a partir do ano 2010 aínda que o desemprego continúe medrando, as persoas beneficiarias de prestación

diminúen e, polo tanto, a taxa de cobertura. Deste xeito, a finais de 2013 apenas 56,3% dos parados/as recibían algún tipo de prestación, lonxe do 66% do ano 2010.

91.500 fogares con todos os seus activos parados.

Desde que no ano 2010 a EPA nos facilita esta información, vén medrando, ano tras ano, o número de fogares con todos os seus activos no paro.

Fogares con todos os activos parados. Datos en miles.

	2010	2011	2012	2013
Galiza	60,2	67,0	84,5	91,5
A Coruña	25,3	26,0	32,4	35,1
Lugo	4,5	5,5	7,4	9,5
Ourense	7,3	7,9	9,8	11,5
Pontevedra	23,1	27,6	34,9	35,4

Fonte: INE. EPA.

No ano 2013, de media foron 91.500 os fogares que tiñan todos os activos en paro. As provincias con número maior de fogares nesta situación son as de Pontevedra e A Coruña, e a moita distancia Lugo e Ourense. No caso de Lugo e Ourense pola propia idiosincrasia das provincias (poboación moi envellecida e polo tanto maioritariamente inactiva), pero aínda así a provincia de Lugo viu duplicados os fogares nesta situación e no caso de Ourense o incremento foi considerábel.

Entre Pontevedra e A Coruña hai poucas diferenzas na actualidade, pero si na evolución temporal: así, en Pontevedra aumentaron máis ao principio e no último ano o aumento foi máis leve, mentres que na Coruña foi ao revés.

Forte aumento dos contratos rexistrados a pesar do descenso da ocupación.

Nun ano onde a ocupación cae un 4%, rexístranse 706.778 contratos nas oficinas do SEPE en Galiza.

Contratos rexistrados.

	2012	2013	Variación	
	Total	Total	Absoluta	Relativa
Galiza				
Total de contratos rexistrados	662.328	706.778	44.450	6,7
Total de contratos iniciais	640.745	684.507	43.762	6,8
Indefinido ordinario e fomento do emprego	30.125	31.194	1.069	3,5
De obra ou servizo	228.635	255.809	27.174	11,9

Eventual por circunstancias da produción	278.613	293.771	15.158	5,4
Interinidade	76.194	73.639	-2.555	-3,4
En prácticas	2.327	2.738	411	17,7
Para a formación	5.258	8.355	3.097	58,9
Outros	19.593	19.001	-592	-3,0
Conversiones a indefinidos	21.583	22.271	688	3,2

Fonte: SEPE.

A maioría dos contratos, 684.507 foron iniciais, e só 22.271 se rexistraron como conversiones a indefinido, é dicir, contratos xa existentes anteriormente baixo algunha modalidade de duración temporal, que durante o ano 2013 pasaron a indefinidos.

Dentro dos contratos iniciais, apenas o 4,5% foron de duración indefinida.

Os contratos temporais seguen medrando, un 7% no último ano. E isto a pesar do descenso de asalariados/as con contrato temporal, que segundo a EPA se estima que estiveron en torno aos 176.000 de media durante 2013, o que dá unha media de 3,7 contratos por asalariado/a con contrato temporal. Durante 2012 a media de contratos por asalariado/a fora de 3,2.

Na táboa seguinte vemos a evolución global da contratación desde os inicios da crise até a actualidade.

Evolución dos contratos segundo duración.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Temporais	765.924	706.093	616.089	620.612	617.807	610236	653313
Indefinidos	49.542	46.423	37.468	32.460	28.479	30509	31194
Convertidos en indefinidos	49.166	41.654	29.574	27.552	25.163	21583	22271
Total	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	706.778

Fonte: SEPE.

Víñase producindo unha redución paulatina da contratación desde que no ano 2008 se comezara a destruír emprego, mais neste último ano a tendencia cambiou e volveuse incrementar a contratación, aínda que acompañada de destrución de emprego, o que dá unha idea da precariedade da maioría destes novos contratos.

Vigo, 6 de febreiro de 2014
Natividad López Gromaz
Gabinete Técnico Confederal.